

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 2 de marzo do 2017

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do día 2 de marzo de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º.- Acta anterior correspondente ao día 22 de febreiro de 2017.

2º.- Licenzas de obra menor.

3º.- Comunicacóns previas (obra menor).

4º.- Execución de sentenza referente ao contrato de compravenda das parcelas Ñ e Q de Villa Amalia.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2017.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 22 de febreiro de 2017.

SEGUNDO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por FEDERICO CASTELO CASTRO, con domicilio na Rúa da Fonte 9, Os Ánxeles, na que solicita licenza para realizar as seguintes obras na Rúa da Fonte 9, Os Ánxeles:

- Substitución da arameira existente por outra nova, nunha lonxitude de 12 metros.

- Encintado dun muro de pedra de 20 metros de lonxitude.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado pola edificación (UC2), séndolle de aplicación a ordenanza 2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 21 de febreiro de 2017 (expediente 2173/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que o encintado sexa de morteiro de cal ou bastardo.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIO MORALES GONZALEZ, con domicilio en Guitiande 38, Os Ánxeles, na que solicita licenza para realizar as seguintes obras en Guitiande 38, Os Ánxeles:

- Facer un portal de acceso á vivenda de 3,80 metros de ancho, e a 4,00 metros do eixo do camiño.

- Pavimentar 48 m² no lateral da vivenda.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 20 de febreiro de 2017 (expediente 2075/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que se deixe libre un recuado dun mínimo de 3 metros

de profundidade desde a liña do peche, segundo gráfico do informe técnico do que se xuntará unha copia ao interesado xunto coa expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSE LUIS NIMO VILAS, con domicilio en Bemil 7, Bastavales, na que solicita licenza de obra para reparar a cuberta dun galpón de 100 m² de superficie, substituíndo a tella existente por uralita e tella nova, sen incrementar o seu volume, en Bemil 7, Bastavales.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 21 de febreiro de 2017 (expediente 2172/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por FRANCISCO LOURIDO PEREZ, con domicilio na Rúa do Gafo 3, Os Ánxeles, na que solicita licenza de obra para construír un peche de parcela de 6 metros lineais, con base de bloques de formigón e arame por encima, cunha altura máxima de 1,80 metros e a 4 metros do eixo da pista á que da fronte, en Guitiande, Os Ánxeles.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 20 de febreiro de 2017 (expediente 2076/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que a parte de bloques de fábrica de formigón sexa enfuscada e pintada en branco e teña unha altura máxima de 1,20 metros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL PEREZ PEREZ, con domicilio na R/ Santa Cruz de Marcenado 30, 5º, Madrid, na que solicita licenza para facer un peche provisional no linde coa estrada AC-451, no lugar da Avd. Santa Minia 61, Brión. O peche de 11,20 metros de lonxitude realizarase con elementos metálicos atornillados ao chan e aos pilares de pedra existentes, ata unha altura máxima de 1,80 metros medidos desde a rasante do terreo, para que sexa lixeiro e facilmente desmontable e na mesma liña que o muro de pedra consolidado que existe na mesma marxe da Avd. Santa Minia.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do informe da Axencia Galega de Infraestruturas, Servizo Provincial da Coruña, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, de data 13.02.2017, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha instancia presentada por RAFAEL FERNANDEZ VAZQUEZ, con domicilio na Avd. Santa Minia 63, na que solicita licenza para facer un peche provisional no linde coa estrada AC-451, no lugar da Avd. Santa Minia 59 e 63, Brión. O peche de 8,80 metros de lonxitude realizarase con elementos metálicos atornillados ao chan e aos pilares de pedra existentes, ata unha altura máxima de 1,80 metros medidos desde a rasante do terreo, para que sexa lixeiro e facilmente desmontable e na mesma liña que o muro de pedra consolidado que existe na mesma marxe da Avd. Santa Minia.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do informe da Axencia Galega de Infraestruturas, Servizo Provincial da Coruña, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, de data 13/02/2017, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por OFELIA MOLDES CHAVES, con domicilio en Ombre 5, Viceso, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Ombre 5, Viceso, substituindo a tella existente por outra nova, sen incrementar o seu volume.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA ARUFE PEREZ, con domicilio en Avd. Bilbao 2, 5ªA, Santiago, na que comunica que vai reparar un muro de mampostería de pedra, no lugar de Cabanas, Os Ánxeles, segundo memoria redactada polo arquitecto técnico José Manuel Vázquez Santamarina.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que non se modifique a situación nin a altura do muro existente.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Berdullas Coello, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RUA INXERIDO 2, BLOQUE 1A, con domicilio en Avd. Rosalía de Castro 62, baixo, Milladoiro, Ames, na que comunica que van reparar a cuberta do edificio da Rúa Inxerido 2, Os Ánxeles, de 400 m² de superficie, substituindo as tellas en mal estado, sen incrementar o seu volume.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo urbano (UNC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que se coloque novamente tella de barro cocido como material de cubrición.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- EXECUCIÓN DE SENTENZA REFERENTE AO CONTRATO DE COMPRAVENDA DAS PARCELAS Ñ E Q DE VILLA AMALIA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 28.02.2017, que transcrita di:

Antecedentes:

1. Con data de 17.04.2013 dítase sentenza número 86/2013, polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña, no procedemento ordinario 93/2011, no que a entidade Centro Multiocio Brión SL, interpoñía recurso contencioso - administrativo contra a desestimación presunta da solicitude de resolución do contrato celebrado o día 29.06.2007, de compravenda das parcelas Ñ e Q do proxecto de reparcelación do plan parcial do solo urbanizable 1, Villa Amalia, ao entender o recorrente que procedía a resolución do contrato ante o incumprimento da entrega das parcelas urbanizadas por parte do concello.

A sentenza que ten carácter de firme conclúe no seu fallo a nulidade da resolución recorrida, e recoñece o dereito á resolución do contrato, coa correspondente devolución do prezo do mesmo e os seus xuros, así como o dereito do recorrente a ser indemnizado dos danos e prexuízos sufridos polo incumprimento do contrato de data de 29.06.2007, xa que no mesmo se recollía a obriga da administración de entregar as parcelas urbanizadas no prazo de 9 meses desde que o contrato se elevou a escritura pública.

O importe que o concello debe pagar comprende a devolución das cantidades ingresadas en concepto de alleamento dos terreos, máis a indemnización polos danos e prexuízos causados. O alleamento das parcelas ascende a: 727.903,36 euros (627.502,90 € de principal máis 100.400,46 € que se corresponden co IVE) e a indemnización de danos e prexuízos a: 289.122,00 €

2. Por decreto da alcaldía do 30.12.2015, acordouse:

1º) Aprobar o gasto correspondente á indemnización por danos e prexuízos recollida na sentenza número 86/2013 ditada polo Xulgado do Contencioso - Administrativo nº 1 da Coruña e que ascende a 289.122 € a favor de Centro Multiocio Brión SL (B70117080).

2º) Aprobar os xuros de demora do importe de 289.122 € computados desde o día seguinte a que se ditou a sentenza en 1ª instancia ata o día previsto para o pagamento, de acordo co seguinte:

Importe débeda	289.122,00 €			
Data Inicio	Data Fin	Días/Demora según Lei	% Interés legal do diñeiro	Xuros
18/04/2013	31/12/2013	258	4	8.174,63 €
01/01/2014	31/12/2014	365	4	11.564,88 €
01/01/2015	31/12/2015	365	3,5	10.119,27 €
			Totais	29.858,78 €

Os pagos por importes de 289.122 euros e 29.858,78 euros foron realizados polo concello con data 04.01.2016.

3. Interposto recurso de reposición por Centro Multiocio Brión SL contra a liquidación de intereses realizada polo concello, o mesmo foi desestimado por resolución da alcaldía do 10.03.2016.

4. O Xulgado Contencioso – Administrativo núm. 1 da Coruña mediante auto do 26.04.2016 a instancia de escrito interposto pola parte executante solicitando que se fixen os intereses legais na contía de 51.850,65 euros, accede ao solicitado no senso de que de conformidade co fallo da sentenza **os intereses legais se computarían desde a demanda** e en tal sentido procede contificalos na cantidade de 51.850,65 euros, cantidade que se deberá reflectir na proposta de pagos efectuada polo concello.

5. Interposto recurso de reposición polo concello contra o auto do 26.04.2016, o Xulgado mediante auto do 15.07.2016 desestima o recurso do concello e sinala que en relación aos **intereses solicitados respecto á indemnización de danos e prexuízos habida conta de que se fixa a cantidade obxecto de indemnización en sentenza, deben ser computados desde a firmeza da mesma**, polo que o cálculo realizado polo concello é correcto.

6. Por decreto da alcaldía do 18.05.2016, acordouse:

1º) Proceder ao pagamento parcial da devolución de ingresos recollida na sentenza número 86/2013 ditada polo Xulgado do Contencioso - Administrativo nº 1 da Coruña a favor de Centro Multiocio Brión SL con CIF B70117080, de acordo co seguinte:

	PRINCIPAL	IVE	Total	Pendente
ANO 1-2016	309.167,63 €	100.400,46	409.568,09 €	318.335,27€

2º) Aprobar os xuros de demora polo importe de 46.976,90 euros computados desde o día seguinte a que se ditou a sentenza en 1ª instancia ata o día previsto para o pagamento, de acordo co seguinte:

Importe débeda	409.568,09 €			
Data inicio	Data fin	Días/Demora segundo Lei	% Interese legal do	Xuros

			diñeiro	
18/04/2013	31/12/2013	258	4	11.580,12 €
01/01/2014	31/12/2014	365	4	16.382,72 €
01/01/2015	31/12/2015	365	3,5	14.334,88 €
01/01/2016	18/05/2016	139	3	4.679,18 €
			Total	46.976,90 €

Os pagos por importes de 409.568,09 euros e 46.976,90 euros foron realizados polo concello con data 19.05.2016.

7. Centro Multiocio Brión SL mediante escrito do 10.01.2017, con rexistro de entrada no concello núm. 173, do 13.01.2017, comunica que en data 12.01.2016 e no marco da execución da sentenza ditada o 17.04.2013 polo Xulgado Contencioso - Administrativo núm. 1 da Coruña (PO 93/2011) dirixiron ao concello un escrito (rexistro de entrada núm. 108) sinalando o seguinte:

“ 1. Que o pasado 1 de decembro, o Xulgado do Contencioso - Administrativo núm.1 da Coruña ditou auto na peza de execución de títulos xudiciais 20/2015 (dimanante do procedemento ordinario 93/2011, no que ese concello foi parte demandada), o cal dispón o seguinte:

Fundamentos de Dereito:

ÚNICO-. Aclarado do escrito da recorrente a situación respecto á parcela, resulta sen embargo a titularidade rexistral da mesma ao seu favor, polo que non sendo a sentenza declarativa de propiedade, deberá formalizarse escritura pública que devolva a titularidade á demandada ben polo seu emprazamento ante notario ou outra formalidade xa que non é dable un pronunciamento en vía de execución sobre esta cuestión e, unha vez realizado o acto de entrega deberá producirse a contraprestación correspondente.

PARTE DISPOSITIVA:

ACORDO: Que pola recorrente realice acto formal de entrega da parcela rexistrada ao seu favor, tras o cal procédase a realizar a contraprestación correspondente ”.

Visto o contido do referido auto reiteran o emprazamento ao concello para sinalar día e hora para comparecer na notaría e formalizar o acto formal de entrega da parcela aos efectos de que se proceda ao abono inmediato da contraprestación correspondente. A día de hoxe o concello aínda non fixou día e hora para comparecer na notaría e formalizar o acto formal de entrega da parcela. Neste contexto veñen a requirir ao concello para que compareza na notaría de Marcelino Estévez Fernández para realizar o acto formal de entrega ao concello das parcelas Ñ e Q do proxecto de equidistribución do plan parcial de solo urbanizable 1(Villa Amalia) a cuxo efecto elaborouse o borrador de escritura cuxa copia acompañan como anexo do escrito.

Resultando pois necesario proceder á execución da sentenza na súa totalidade co fin de que o concello recupere a titularidade rexistral das parcelas e o interesado o pagamento das cantidades que se adebedan, que se fará na maior brevidade posible, e en todo caso neste 2017, segundo o plan de pagos presentado polo concello ao xulgado no seu día, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1º) Dar por resolto en execución de sentenza firme anteriormente referenciada o contrato de compravenda das parcelas Ñ e Q do proxecto de equidistribución do Plan parcial de solo urbanizable 1(Villa Amalia) formalizado con data 29.06.2007 entre o Concello de Brión como vendedor e Centro Multiocio Brión SL como comprador.

2º) Facultar expresamente ao Sr. Alcalde José Luis García García para a sinatura da escritura pública de resolución do contrato de compravenda, e para a realización dos demais trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar a proposta da alcaldía transcrita nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González